

CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR

“EDUCACIÓN INFANTIL”

CURRÍCULO

*Decreto 226/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao **título de técnico/a superior en educación infantil**.*

Identificación:

O título de técnico superior en educación infantil identifícase polos seguintes elementos:

-Denominación: educación infantil.

-Nivel: formación profesional de grao superior.

-Duración: **2.000 horas**.

-Familia profesional: **Servizos Socioculturais e á Comunidade**.

-Referente europeo: CINE-5b (Clasificación Internacional Normalizada da Educación).

Competencia xeral:

A competencia xeral deste título consiste en **deseñar, pór en práctica e avaliar proxectos e programas educativos de atención á infancia no primeiro ciclo de educación infantil** no ámbito **formal**, consonte a proposta pedagóxica elaborada por un mestre ou unha mestra coa especialización en educación infantil ou título de grao equivalente, e **en toda a etapa** no ámbito **non formal**, xerando contornos seguros e en colaboración con profesionais e coas familias.

Contorno profesional:

1. Estas persoas exercerán a súa actividade no sector da educación formal e non formal e no sector dos servizos sociais de atención á infancia.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

-Educador ou educadora infantil en **primeiro ciclo** de educación infantil, sempre baixo a supervisión dun mestre ou dunha mestra, en institucións públicas e privadas.

-Educador ou educadora en institucións ou en programas específicos de traballo con menores (de cero a seis anos) en situación de **risco social**, ou en medios de apoio familiar, seguindo as directrices doutros profesionais.

-Educador ou educadora en programas ou actividades de **lecer e tempo libre** infantil con menores de cero a seis anos: ludotecas, casas de cultura, bibliotecas, centros educativos, centros de lecer, granxas escola, etc.

Preferencias para o acceso a este ciclo formativo en relación coas modalidades e as materias de bacharelato cursadas:

Terá preferencia para acceder a este ciclo formativo o alumnado que cursase a modalidade de **bacharelato de humanidades e ciencias sociais**.

Acceso a outros estudos e validacións:

1. Este título permite o acceso directo para cursar calquera **outro ciclo** formativo de grao superior, nas condicións de acceso que se establezan.

2. Este título permite o acceso directo ás ensinanzas conducentes aos **títulos universitarios** de grao nas condicións de admisión que se establezan.

3. Para os efectos de facilitar o réxime de validacións entre este título e as ensinanzas universitarias de grao, asígnanse **120 créditos ECTS** distribuídos entre os módulos profesionais deste ciclo formativo.

MÓDULOS PROFESIONAIS

Curso	Módulo	Sesións Semanais	Duración	Especialidade do profesorado
1º	Didáctica da educación infantil	9	240	Intervención sociocomunitaria
1º	O xogo infantil e a súa metodoloxía	7	187	Servizos á comunidade
1º	Expresión e comunicación	8	213	Servizos á comunidade
1º	Desenvolvemento cognitivo e motor	8	213	Intervención sociocomunitaria
1º	Formación e orientación laboral	4	107	Formación e orientación laboral
Total 1º (FCE)		36	960	
2º	Autonomía persoal saúde infantil	9	155	Servizos á comunidade
2º	Desenvolvemento socioafectivo	7	123	Intervención sociocomunitaria
2º	Habilidades sociais	7	123	Intervención sociocomunitaria
2º	Intervención con familias e atención a menores en risco social	7	123	Intervención sociocomunitaria
2º	Primeiros auxilios	3	53	Procedementos sanitarios e asistenciais. Profesorado especialista
	Empresa e iniciativa emprendedora	3	53	Formación e orientación laboral
Total 2º (FCE)		36	630	
	Proxecto de atención á infancia		26	Inter.. sociocomunitaria. Servizos á comunidade
(FCT)	Formación en centros de traballo		384	